



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045
E-mail: correo@boimorto.es Web: www.concellodeboimorto.es

ACTA

ORGANO COLEXIADO	PLENO	
TIPO DE SESIÓN	ORDINARIA	
LUGAR	SALÓN DE PLENOS DA CASA DO CONCELLO DE BOIMORTO	
DATA	14.01.2022	
HORARIO INICIO	14:00 H.	
HORA FINALIZACIÓN	14:30 H	
ASISTENTES		
	CONCELLEIROS ELECTOS	DNI
PP	Dna. María Jesús Novo Gómez	44814623C
	Dna. Patricia Taboada García	47374521H
	D. Manuel José Nieto Sesar	79332926S
	D. Jesús José Fernández García	45908046T
	Dna. Fátima Espiño Lojo*	49206076Z
	D. Javier Costoya Souto	79329690E
PSOE	Dna. Sandra Sánchez Iñiguez	79336069F
	Dna. Ana Ledo Fernández	36150633S
	D. José Antonio Somoza Enjamio	22746836C
BNG	D. José Luís Rivas Cruz	33804443D
	Dna. Ana María Aguión Sandá	78793953R *
AUSENTES		
--	-----	-----
SECRETARIO: D. Jorge Boado Fernández		
ORDE DO DÍA		
1. APROBACIÓN, SI PROCEDE, DA ACTA ANTERIOR. Actas do 24/09/2021 e 29/10/2021. 2. RATIFICACIÓN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE BOIMORTO E O CONCELLO DE ARZÚA RESPECTO DA DISPOÑIBILIDADE DE TERREO DA OBRA SANEAMENTO EN VILADONIGA, OUTEIRO E PEDRAL. 3. ACEPTACIÓN DE ENTREGA E COMPROMISO DE EXPLOTACIÓN, CONSERVACIÓN E MANTEMENTO CONVENIO DE COOPERACIÓN CAMIÑO DE BOUZAS (ANDABAO) PLAN DE INFRAESTRUTURA RURAL 2020. 4. DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DE ALCALDÍA DENDE A ÚLTIMA SESIÓN PLENARIA DE CARÁCTER ORDINARIO (D. N° 483/2021 DE DATA 28-10-2021 AO N° 577/2021 DE DATA 20-12-2021). 5. ROGOS E PREGUNTAS.		
* Incorporase a sesión as 14:18 horas.		

No Salón de plenos da Casa do Concello de Boimorto, sendo a hora e data indicada, reúnen, previamente convocados ao efecto, en primeira convocatoria e sesión pública os Sres. Concelleiros electos nas Eleccións Locais celebradas o día 26.05.2019.

Acto seguido dáse comezo a sesión e procédese ao tratamento dos puntos da orde do día:


1. APROBACIÓN, SI PROCEDE, DAS ACTAS ANTERIORES: 24/09/2021 e 29/10/2021.

Aberto o punto da orde do día pola Alcaldía-Presidencia, a mesma pregunta se alguén dos presentes ten algunha observación respecto da acta 24/09/2021.

Non habendo intervencións, o Presidente somete finalmente o acta a votación.

En consecuencia, o Pleno do Concello de Boimorto, trala votación ordinaria co seguinte detalle,

ADOPTA O SEGUINTE ACORDO:





CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045
E-mail: correo@boimorto.es Web: www.concellodeboimorto.es

o **A FAVOR: (9)**

- D. Maria Jesús Novo Gómez; D^a Patricia Taboada Garcia; D. Jesús José Fernández García; D. Javier Costoya Souto; Dna. Fátima Espiño Lojo; D. Manuel José Nieto Sesar. (6 - PP)
- Dna. Sandra Sánchez Iñiguez; D. José Antonio Somoza Enjamio e Dna. Ana Ledo Fernández (3 - PSOE)
- D. José Luís Rivas Cruz (1 -BNG)

o **ABSTENCIÓN: (0)**

o **EN CONTRA: (0)**

Acta de data 24/09/2021: Aprobada.

Finalmente, acto seguido a Alcaldía-Presidencia pregunta se alguén dos presentes ten algunha observación respecto da acta 29/10/2021.

Non habendo intervencións, o Presidente somete finalmente o acta a votación.

En consecuencia, o Pleno do Concello de Boimorto, trala votación ordinaria co seguinte detalle, **ADOPTA O SEGUINTE ACORDO:**

o **A FAVOR: (9)**

- D. Maria Jesús Novo Gómez; D^a Patricia Taboada Garcia; D. Jesús José Fernández García; D. Javier Costoya Souto; Dna. Fátima Espiño Lojo; D. Manuel José Nieto Sesar. (6 - PP)
- Dna. Sandra Sánchez Iñiguez; D. José Antonio Somoza Enjamio e Dna. Ana Ledo Fernández (3 - PSOE)
- D. José Luís Rivas Cruz (1 -BNG)

o **ABSTENCIÓN: (0)**

o **EN CONTRA: (0)**

Acta de data 29/10/2021: Aprobada.

2. RATIFICACIÓN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE BOIMORTO E O CONCELLO DE ARZÚA RESPECTO DA DISPOÑIBILIDADE DE TERREO DA OBRA SANEAMENTO EN VILADONIGA, OUTEIRO E PEDRAL.

Aberto o punto da orde do día pola Alcaldía - Presidencia procédese ao tratamento do mesmo.

Polo secretario dáse lectura á proposta de acordo que a continuación se transcribe literalmente:

"PROPOSTA DE ACORDO"

ASUNTO:	Convenio de Colaboración - Disponibilidade do Terreo.
	Concello de Boimorto - Concello de Arzúa
	Obra: Saneamento en Viladóniga, Outeiro e Pedral. Boimorto. Clave: OH.315.1175
NUM. EXPEDIENTE:	2021/A006/000004
EXP. SUBVENCIÓN VINCULADO:	"Convenio de colaboración entre Augas de Galicia e o concello Boimorto para o saneamento en Viladóniga, Outeiro e Pedral. Boimorto (A Coruña), susceptible de financiamento pola Unión Europea no marco do eixo REACT UE do programa operativo FEDER Galicia 2014-2020, como parte da resposta da UE á pandemia da COVID-19"

Considerando o seguintes antecedentes de feito:

1. Convenio de colaboración asinado entre Augas de Galicia e o concello Boimorto para o saneamento en



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045
E-mail: correo@boimorto.es Web: www.concellodeboimorto.es

Viladóniga, Outeiro e Pedral. Boimorto (A Coruña), susceptible de financiamento pola Unión Europea no marco do eixo REACT UE do programa operativo FEDER Galicia 2014-2020, como parte da resposta da UE á pandemia da COVID-19.

2. Escrito de Augas de Galicia con entrada no Rexistro Xeral do Concello de Boimorto ne data de 09.07.2021 e número 20219000000241 no que se solicita que se achegue unha serie de documentación complementaria respecto do expediente.

“- Certificado do Pleno do Concello, no que se adoitén os seguintes acordos:

- Conformidade co proxecto da obra...
- Compromiso de recibir as obras e asumir a súa posta en servizo, explotación, mantemento e conservación.

(Trámites xa realizados)

- Disponibilidade de terreos...

- No marco deste último trámite encádrase o presente convenio que se achega a esta proposta de acordo. Dado que a obra en cuestión afecta aos dous termos municipais e mediante o presente convenio o Concello de Arzúa pon a disposición certo terreo en favor do Concello de Boimorto.

En consecuencia do exposto, a alcaldía que subscribe eleva ao Pleno do Concello de Boimorto a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO:**

PRIMEIRO.- Aprobar o convenio de colaboración que se achega a presente proposta de acordo como ANEXO I e co seguinte detalle:

CONVENIO - OBXECTO:	Convenio de Colaboración - Disponibilidade do Terreo.
	Concello de Boimorto - Concello de Arzúa
	Obra: Saneamento en Viladóniga, Outeiro e Pedral. Boimorto. Clave: OH.315.1175
EXP. SUBVENCIÓN VINCULADO:	Convenio de colaboración entre Augas de Galicia e concello Boimorto para o saneamento en Viladóniga, Outeiro e Pedral. Boimorto (A Coruña), susceptible de financiamento pola UE no marco do eixo REACT UE do programa operativo FEDER Galicia 2014-2020, como parte da resposta da UE á pandemia da COVID-19
	Proxecto da obra cun orzamento: 487.364,79€ - R.E. núm.1707 - 25.10.2021.

SEGUNDO.- Asumir os compromisos que derivan do presente convenio de colaboración ao efecto da consecución do obxecto do mesmo.

TERCEIRO.- Habilitar/Ratificar a sinatura da Alcaldía do antedito convenio en representación do Concello de Boimorto.

CUARTO.- Dar traslado do presente acordo ao órgano competente da entidade pública empresarial Augas de Galicia aos efectos do seu coñecemento e trámites oportunos.

Boimorto, a data da sinatura dixital.

A Alcaldía,

Asdo.- María Jesús Novo Gómez.



ANEXO I

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE BOIMORTO E O CONCELLO DE ARZÚA

PARA A POSTA A DISPOSICIÓN DOS TERREOS NECESARIOS PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE SANEAMENTO EN VILADÓNIGA, OUTEIRO E PEDRAL



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045
E-mail: correo@boimorto.es Web: www.concellodeboimorto.es

Dunha parte, María Jesús Novo Gómez, alcaldesa do Concello de Boimorto, no exercicio das atribucións conferidas no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Doutra parte, José Luís García López, alcalde do Concello de Arzúa, no exercicio das atribucións conferidas no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

EXPOÑEN

Primeiro.- O Concello de Boimorto ten atribuídas competencias en materia de saneamento de auga potable en base á Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, que nos seus artigos 25.2 c), 26.1 a) e 86.2, configura o saneamento e depuración de augas residuais como un servizo de competencia local, nos termos establecidos pola lexislación da comunidade autónoma.

Segundo.- O 2.7.2021 a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Boimorto formalizaron un Convenio de colaboración para o saneamento en Viladóniga, Outeiro e Pedral, Boimorto (A Coruña), susceptible de financiamento pola Unión Europea no marco do Eixo REACT UE do Programa operativo FEDER Galicia 2014-2020.

Co citado convenio executarase a instalación dun sistema de saneamento nos núcleos de Outeiro, Viladóniga e Pedral, pertencentes ao concello de Boimorto, composto por unha rede de colectores cos seus correspondentes pozos de rexistro e unha estación depuradora de augas residuais.

Para a execución das citadas obras precísase executar actuacións que se deben realizar no termo municipal de Arzúa.

Sobre a base do ata aquí exposto, as partes acordan outorgar o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO

É obxecto deste convenio establecer as condicións básicas para a colaboración entre o Concello de Boimorto e o Concello de Arzúa respecto da posta a disposición por parte do Concello de Arzúa dos terreos necesarios para a execución dun sistema de saneamento nos núcleos de Outeiro, Viladóniga e Pedral.

SEGUNDA. OBRIGAS DO CONCELLO DE BOIMORTO

Para o cumprimento do obxecto deste convenio, o Concello de Boimorto obrígase a:

- Compensar ao Concello de Arzúa por todos os gastos nos que puidera incurrir ese concello derivados da execución, posta en servizo, explotación, mantemento e conservación das obras de referencia.
- Conservar e manter en bo estado as obras e instalacións que se executen, converténdose para todos os efectos, no único responsable da infraestrutura construída, asumindo os dereitos, obrigas e cargas inherentes ao devandito mantemento e conservación.
- O Concello de Boimorto será responsable de cantos danos e perdas poidan ocasionarse a intereses públicos ou privados como consecuencia das obras de referencia, quedando obrigado á súa indemnización.
- No ámbito das súas facultades, colaborar co Concello de Arzúa no desempeño das súas obrigas e afrontar e intentar resolver, conforme aos principios de boa fe e lealdade, calquera dificultades ou problemas que poidan xurdir no desenvolvemento da actuación, tendo como único criterio da súa xestión, o logro dos obxectivos que se pretenden alcanzar con esta obra hidráulica.
- Os gastos e tributos que xenerase o dereito cedido serán en todo caso de conta da administración beneficiaria.

TERCEIRA. OBRIGAS XERAIS DO CONCELLO ARZÚA



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045
E-mail: correo@boimorto.es Web: www.concellodeboimorto.es

Para o cumprimento do obxecto deste convenio, o Concello de Arzúa obrígase a:

1. Poñer a disposición do Concello de Boimorto os terreos de carácter público que se atopen no termo municipal do Concello de Arzúa reflexados no proxecto de obra e que resulten necesarios para a execución do sistema de saneamento nos núcleos de Outeiro, Viladóniga e Pedral.
2. No ámbito das súas facultades, colaborar co Concello de Boimorto no desempeño das súas obrigas e afrontar e intentar resolver, conforme aos principios de boa fe e lealdade, calquera dificultades ou problemas que poidan xurdir no desenvolvemento da actuación, tendo como único criterio da súa xestión, o logro dos obxectivos que se pretenden alcanzar con esta obra hidráulica.

CUARTA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Constituirase, a iniciativa de calquera das partes, unha comisión formada por dous representantes de cada concello para desenvolver as seguintes actuacións:

- Impulsar e avaliar o cumprimento deste convenio, propondo as actuacións que se consideren precisas.
- Interpretar, en caso de dúbida, o contido do convenio.
- Proponer ás partes a resolución das posibles controversias que puideran xurdir na aplicación do convenio.

Esta comisión reunirse as veces que se estimen oportunas para o cumprimento do convenio.

Os membros desta comisión de seguimento poderán asistir ás reunións desta acompañados do persoal técnico que consideren oportuno. Ademais, cando se considere oportuno, a comisión de seguimento poderá requirir a asistencia técnica necesaria para a avaliación e análise das distintas cuestións sobre as que deban adoptarse acordos.

QUINTA. NATUREZA DO CONVENIO

Este convenio de colaboración ten natureza administrativa, rexendo na súa interpretación e desenvolvemento o ordenamento xurídico-administrativo.

Todo litixio, controversia ou reclamación resultantes deste convenio ou relativo a este, á súa interpretación ou execución, ao seu incumprimento, resolución ou nulidade, resolverase polos órganos da xurisdición contencioso-administrativa.

SEXTA.- VIXENCIA DO CONVENIO

O convenio terá efectos dende a data da súa sinatura e estenderá a súa vixencia durante todo o tempo necesario para a execución da obra e funcionamento da instalación e do servizo, cun máximo de vixencia de 75 anos (Conforme art.93.3 LPAP - Lei 33/2003, de 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas).

SÉTIMA.- MODIFICACIÓN DO CONVENIO

Calquera modificación no contido deste convenio, requirirá acordo entre as partes e tramitarse a través dunha addenda ao convenio.

OITAVA.- EXTINCIÓN DO CONVENIO

Será causa de extinción automática do convenio:

- O cumprimento do seu obxecto.
- O transcurso do seu prazo de vixencia.
- Calquera das causas de extinción contempladas para a concesión demanial na normativa patrimonial vixente de aplicación no ámbito Local.



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045
E-mail: correo@boimorto.es Web: www.concellodeboimorto.es

Ese convenio tamén poderá extinguirse por incorrer nalgunha das seguintes causas de resolución:

- o mutuo acordo entre as partes asinantes
- a inviabilidade da realización das actuacións descritas neste convenio, por causas non imputables ás partes

A resolución con causa nalgún dos supostos anteriores non levará asociada indemnización a ningunha das partes.

NOVENA. PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

E para que así conste, en proba de conformidade coas cláusulas deste convenio, as partes asinan electrónicamente este documento,

A alcaldesa do Concello de Boimorto, Asdo. - María Jesús Novo Gómez	O alcalde do Concello de Arzúa, Asdo. - José Luís García López
--	---

A continuación a Alcaldía - Presidencia apertura a quenda de intervencións respecto do punto en cuestión.

A Alcaldía explica de forma sucinta o contido da proposta.

O concelleiro D. José Luís Rivas Cruz toma a palabra e pregunta que ¿Esta actuación afecta a todo o núcleo do Pedral? ¿Tanto a parte de Boimorto como a que pertence ao Concello de Arzúa?

A Alcaldía - Presidencia responde indicando que efectivamente afecta a todo o Pedral incluíndo a parte de Arzúa. De feito, este convenio fai referencia a dispoñibilidade do terreo necesario da parte pública do Concello de Arzúa.

Non habendo máis intervencións, o Presidente somete finalmente o asunto a votación.

En consecuencia, o Pleno do Concello de Boimorto, trala votación ordinaria co seguinte detalle, **ADOPTA O SEGUINTE ACORDO:**

- A FAVOR: (7)
 - D. María Jesús Novo Gómez; D^a Patricia Taboada García; D. Jesús José Fernández García; D. Javier Costoya Souto; Dna. Fátima Espiño Lojo; D. Manuel José Nieto Sesar. (6 - PP)
 - D. José Luís Rivas Cruz (1 -BNG)

ABSTENCIÓN: (3)

- Dna. Sandra Sánchez Iñiguez; D. José Antonio Somoza Enjamio e Dna. Ana Ledo Fernández (3 - PSOE)

EN CONTRA: (0)

“ACORDO

ASUNTO:	Convenio de Colaboración - Dispoñibilidade do Terreo.
	Concello de Boimorto - Concello de Arzúa
	Obra: Saneamento en Viladóniga, Outeiro e Pedral. Boimorto. Clave: OH.315.1175



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045
E-mail: correo@boimorto.es Web: www.concellodeboimorto.es

NÚM. EXPEDIENTE:	2021/A006/000004
EXP. SUBVENCIÓN VINCULADO:	"Convenio de colaboración entre Augas de Galicia e o concello Boimorto para o saneamento en Viladóniga, Outeiro e Pedral. Boimorto (A Coruña), susceptible de financiamento pola Unión Europea no marco do eixo REACT UE do programa operativo FEDER Galicia 2014-2020, como parte da resposta da UE á pandemia da COVID-19"

Considerando o seguintes antecedentes de feito:

3. Convenio de colaboración asinado entre Augas de Galicia e o concello Boimorto para o saneamento en Viladóniga, Outeiro e Pedral. Boimorto (A Coruña), susceptible de financiamento pola Unión Europea no marco do eixo REACT UE do programa operativo FEDER Galicia 2014-2020, como parte da resposta da UE á pandemia da COVID-19.

4. Escrito de Augas de Galicia con entrada no Rexistro Xeral do Concello de Boimorto ne data de 09.07.2021 e número 202190000000241 no que se solicita que se achegue unha serie de documentación complementaria respecto do expediente.

"- Certificado do Pleno do Concello, no que se adoiten os seguintes acordos:

- Conformidade co proxecto da obra...

- Compromiso de recibir as obras e asumir a súa posta en servizo, explotación, mantemento e conservación.

(Trámites xa realizados)

- Disponibilidade de terreos...

- No marco deste último trámite encádrase o presente convenio que se achega a esta proposta de acordo. Dado que a obra en cuestión afecta aos dous termos municipais e mediante o presente convenio o Concello de Arzúa pon a disposición certo terreo en favor do Concello de Boimorto.

En consecuencia do exposto, a alcaldía que subscribe eleva ao Pleno do Concello de Boimorto a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

PRIMEIRO.- Aprobar o convenio de colaboración que se achega a presente proposta de acordo como ANEXO I e co seguinte detalle:

CONVENIO - OBXECTO:	Convenio de Colaboración - Disponibilidade do Terreo.
	Concello de Boimorto - Concello de Arzúa
	Obra: Saneamento en Viladóniga, Outeiro e Pedral. Boimorto. Clave: OH.315.1175
EXP. SUBVENCIÓN VINCULADO:	Convenio de colaboración entre Augas de Galicia e concello Boimorto para o saneamento en Viladóniga, Outeiro e Pedral. Boimorto (A Coruña), susceptible de financiamento pola UE no marco do eixo REACT UE do programa operativo FEDER Galicia 2014-2020, como parte da resposta da UE á pandemia da COVID-19
	Proxecto da obra cun orzamento: 487.364,79€ - R.E. núm.1707 - 25.10.2021.

SEGUNDO.- Asumir os compromisos que derivan do presente convenio de colaboración ao efecto da consecución do obxecto do mesmo.

TERCEIRO.- Habilitar/Ratificar a sinatura da Alcaldía do antedito convenio en representación do Concello de Boimorto.

CUARTO.- Dar traslado do presente acordo ao órgano competente da entidade pública empresarial Augas de Galicia aos efectos do seu coñecemento e trámites oportunos.





CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045
E-mail: correo@boimorto.es Web: www.concellodeboimorto.es

Boimorto, a data da sinatura dixital.

A Alcaldía,

Asdo.- María Jesús Novo Gómez.

ANEXO I

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE BOIMORTO E O CONCELLO DE ARZÚA PARA A POSTA A DISPOSICIÓN DOS TERREOS NECESARIOS PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE SANEAMENTO EN VILADÓNIGA, OUTEIRO E PEDRAL

Dunha parte, María Jesús Novo Gómez, alcaldesa do Concello de Boimorto, no exercicio das atribucións conferidas no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Doutra parte, José Luís García López, alcalde do Concello de Arzúa, no exercicio das atribucións conferidas no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

EXPOÑEN

Primeiro.- O Concello de Boimorto ten atribuídas competencias en materia de saneamento de auga potable en base á Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, que nos seus artigos 25.2 c), 26.1 a) e 86.2, configura o saneamento e depuración de augas residuais como un servizo de competencia local, nos termos establecidos pola lexislación da comunidade autónoma.

Segundo.- O 2.7.2021 a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Boimorto formalizaron un Convenio de colaboración para o saneamento en Viladóniga, Outeiro e Pedral, Boimorto (A Coruña), susceptible de financiamento pola Unión Europea no marco do Eixo REACT UE do Programa operativo FEDER Galicia 2014-2020.

Co citado convenio executarase a instalación dun sistema de saneamento nos núcleos de Outeiro, Viladóniga e Pedral, pertencentes ao concello de Boimorto, composto por unha rede de colectores cos seus correspondentes pozos de rexistro e unha estación depuradora de augas residuais.

Para a execución das citadas obras precísase executar actuacións que se deben realizar no termo municipal de Arzúa.

Sobre a base do ata aquí exposto, as partes acordan outorgar o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO

É obxecto deste convenio establecer as condicións básicas para a colaboración entre o Concello de Boimorto e o Concello de Arzúa respecto da posta a disposición por parte do Concello de Arzúa dos terreos necesarios para a execución dun sistema de saneamento nos núcleos de Outeiro, Viladóniga e Pedral.

SEGUNDA. OBRIGAS DO CONCELLO DE BOIMORTO

Para o cumprimento do obxecto deste convenio, o Concello de Boimorto obrígase a:

Compensar ao Concello de Arzúa por todos os gastos nos que puidera incurrir ese concello derivados da execución, posta en servizo, explotación, mantemento e conservación das obras de referencia.



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045
E-mail: correo@boimorto.es Web: www.concellodeboimorto.es

- Conservar e manter en bo estado as obras e instalacións que se executen, converténdose para todos os efectos, no único responsable da infraestrutura construída, asumindo os dereitos, obrigas e cargas inherentes ao devandito mantemento e conservación.
O Concello de Boimorto será responsable de cantos danos e perdas poidan ocasionarse a intereses públicos ou privados como consecuencia das obras de referencia, quedando obrigado á súa indemnización.
- No ámbito das súas facultades, colaborar co Concello de Arzúa no desempeño das súas obrigas e afrontar e intentar resolver, conforme aos principios de boa fe e lealdade, calquera dificultades ou problemas que poidan xurdir no desenvolvemento da actuación, tendo como único criterio da súa xestión, o logro dos obxectivos que se pretenden alcanzar con esta obra hidráulica.
- Os gastos e tributos que xenerase o dereito cedido serán en todo caso de conta da administración beneficiaria.

TERCEIRA. OBRIGAS XERAIS DO CONCELLO ARZÚA

Para o cumprimento do obxecto deste convenio, o Concello de Arzúa obrígase a:

1. Poner a disposición do Concello de Boimorto os terreos de carácter público que se atopen no termo municipal do Concello de Arzúa reflexados no proxecto de obra e que resulten necesarios para a execución do sistema de saneamento nos núcleos de Outeiro, Viladóniga e Pedral.
2. No ámbito das súas facultades, colaborar co Concello de Boimorto no desempeño das súas obrigas e afrontar e intentar resolver, conforme aos principios de boa fe e lealdade, calquera dificultades ou problemas que poidan xurdir no desenvolvemento da actuación, tendo como único criterio da súa xestión, o logro dos obxectivos que se pretenden alcanzar con esta obra hidráulica.

CUARTA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Constituirase, a iniciativa de calquera das partes, unha comisión formada por dous representantes de cada concello para desenvolver as seguintes actuacións:

- Impulsar e avaliar o cumprimento deste convenio, proponendo as actuacións que se consideren precisas.
- Interpretar, en caso de dúbida, o contido do convenio.
- Proponer ás partes a resolución das posibles controversias que puideran xurdir na aplicación do convenio.

Esta comisión reunirse as veces que se estimen oportunas para o cumprimento do convenio.


Os membros desta comisión de seguimento poderán asistir ás reunións desta acompañados do persoal técnico que consideren oportuno. Ademais, cando se considere oportuno, a comisión de seguimento poderá requirir a asistencia técnica necesaria para a avaliación e análise das distintas cuestións sobre as que deban adoptarse acordos.

QUINTA. NATUREZA DO CONVENIO

Este convenio de colaboración ten natureza administrativa, rexendo na súa interpretación e desenvolvemento o ordenamento xurídico-administrativo.

Todo litixio, controversia ou reclamación resultantes deste convenio ou relativo a este, á súa interpretación ou execución, ao seu incumprimento, resolución ou nulidade, resolverase polos órganos da xurisdición contencioso-administrativa.

SEXTA.- VIXENCIA DO CONVENIO





CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045
E-mail: correo@boimorto.es Web: www.concellodeboimorto.es

O convenio terá efectos dende a data da súa sinatura e estenderá a súa vixencia durante todo o tempo necesario para a execución da obra e funcionamento da instalación e do servizo, cun máximo de vixencia de 75 anos (Conforme art.93.3 LPAP - Lei 33/2003, de 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas).

SÉTIMA.- MODIFICACIÓN DO CONVENIO

Calquera modificación no contido deste convenio, requirirá acordo entre as partes e tramitarase a través dunha addenda ao convenio.

OITAVA.- EXTINCIÓN DO CONVENIO

Será causa de extinción automática do convenio:

- O cumprimento do seu obxecto.
- O transcurso do seu prazo de vixencia.
- Calquera das causas de extinción contempladas para a concesión demanial na normativa patrimonial vixente de aplicación no ámbito Local.

Ese convenio tamén poderá extinguirse por incorrer nalgunha das seguintes causas de resolución:

- o mutuo acordo entre as partes asinantes
- a inviabilidade da realización das actuacións descritas neste convenio, por causas non imputables ás partes

A resolución con causa nalgún dos supostos anteriores non levará asociada indemnización a ningunha das partes.

NOVENA. PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

E para que así conste, en proba de conformidade coas cláusulas deste convenio, as partes asinan electrónicamente este documento,

A alcaldesa do Concello de Boimorto, Asdo.- María Jesús Novo Gómez	O alcalde do Concello de Arzúa, Asdo.- José Luís García López
---	--

3. ACEPTACIÓN DE ENTREGA E COMPROMISO DE EXPLOTACIÓN, CONSERVACIÓN E MANTEMENTO CONVENIO DE COOPERACIÓN CAMIÑO DE BOUZAS (ANDABAO) PLAN DE INFRAESTRUTURA RURAL 2020.

Aberto o punto da orde do día pola Alcaldía - Presidencia procédese ao tratamento do mesmo.

Polo secretario dáse lectura á proposta de acordo que a continuación se transcribe literalmente:

"PROPOSTA DE ACORDO

ASUNTO:	ACEPTACIÓN DE ENTREGA E COMPROMISO DE EXPLOTACIÓN, CONSERVACIÓN E MANTEMENTO
	OBRA: "CAMIÑO DE BOUZAS (ANDABAO), BOIMORTO-A CORUÑA
EXP. SUBVENCIÓN VINCULADO:	PLAN DE INFRAESTRUTURAS RURAIS 2020 CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL - XUNTA DE GALICIA



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045
E-mail: correo@boimorto.es Web: www.concellodeboimorto.es

Considerando o seguinte antecedente de feito:

- Que con rexistro de entrada n.º 202190000000305 en data 17/09/2021 consta escrito remitido pola Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural, Servizo de Infraestruturas Agrarias no que comunican que co fin de facer a entrega das obras ao concello, achegan acta de recepción e comunicación de finalización da obra “Camiño de Bouzas (Andabao). Boimorto-A Coruña” e de acordo co establecido no convenio de cooperación entre a Consellería do Medio Rural e o Concello solicitan asunción do compromiso de explotación, mantemento e conservación das obras.

En consecuencia, a vista do exposto e en base ao antedito convenio de colaboración, elevo a Pleno do Concello de Boimorto a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

PRIMEIRO.- Aceptar a entrega e asumir o compromiso de explotación, mantemento e conservación da obra “Camiño de Bouzas (Andabao). Boimorto-A Coruña”.

SEGUNDO.- Dar traslado certificación do presente acordo á Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia aos efectos da súa posta en coñecemento e trámites oportunos.”

A continuación a Alcaldía - Presidencia apertura o turno de intervencións respecto do punto en cuestión.

A Alcaldía explica o punto de forma sucinta o contido da proposta.

Non habendo máis intervencións, o Presidente somete finalmente o asunto a votación.

En consecuencia, o Pleno do Concello de Boimorto, trala votación ordinaria co seguinte detalle, **ADOPTA O SEGUINTE ACORDO**:

- A FAVOR: (7)
 - D. Maria Jesús Novo Gómez; D^a Patricia Taboada Garcia; D. Jesús José Fernández García; D. Javier Costoya Souto; Dna. Fátima Espiño Lojo; D. Manuel José Nieto Sesar. (6 - PP)
 - D. José Luís Rivas Cruz (1 -BNG)
- ABSTENCIÓN: (3)
 - Dna. Sandra Sánchez Iñiguez; D. José Antonio Somoza Enjamio e Dna. Ana Ledo Fernández (3 - PSOE)
- EN CONTRA: (0)

“ACORDO

ASUNTO:	ACEPTACIÓN DE ENTREGA E COMPROMISO DE EXPLOTACIÓN, CONSERVACIÓN E MANTEMENTO
	OBRA: “CAMIÑO DE BOUZAS (ANDABAO), BOIMORTO-A CORUÑA
EXP. SUBVENCIÓN VINCULADO:	PLAN DE INFRAESTRUTURAS RURAIS 2020 CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL - XUNTA DE GALICIA

Considerando o seguinte antecedente de feito:

- Que con rexistro de entrada n.º 202190000000305 en data 17/09/2021 consta escrito remitido pola Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural, Servizo de Infraestruturas Agrarias no que comunican que co fin de facer a entrega das obras ao concello, achegan acta de recepción e comunicación de finalización da obra “Camiño de Bouzas (Andabao). Boimorto-A Coruña” e de acordo co establecido no convenio de cooperación entre a Consellería do Medio Rural e o Concello solicitan asunción do compromiso de explotación, mantemento e conservación das obras.





CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045
E-mail: correo@boimorto.es Web: www.concellodeboimorto.es

En consecuencia, a vista do exposto e en base ao antedito convenio de colaboración, elevo a Pleno do Concello de Boimorto a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

PRIMEIRO.- Aceptar a entrega e asumir o compromiso de explotación, mantemento e conservación da obra "Camiño de Bouzas (Andabao). Boimorto-A Coruña".

SEGUNDO.- *Dar traslado certificación do presente acordo á Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia aos efectos da súa posta en coñecemento e trámites oportunos."*

4. DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DE ALCALDÍA DENDE A ÚLTIMA SESIÓN PLENARIA DE CARÁCTER ORDINARIO (D. Nº 483/2021 DE DATA 28-10-2021 AO Nº 577/2021 DE DATA 20-12-2021).

A Alcaldesa - Presidenta da conta dos decretos emitidos pola Alcaldía dende a última sesión plenaria de carácter ordinaria, que foron remitidos a tódolos membros do Pleno coa convocatoria da sesión.

O Pleno dáse por enterado.

5. ROGOS E PREGUNTAS.

A Alcaldía-Presidencia apertura o punto, indicando que constan novas preguntas do grupo do PSOE e preguntas pendentes por contestar formuladas polo grupo municipal do BNG.

Neste intre, sendo as 14:18h. incorpórase a sesión a concelleira do grupo municipal do BNG: Dna. Ana María Aguión Sandá.

Procédese, en consecuencia, a contestar as preguntas pendentes do grupo do BNG:

- **A ponte de Brates respecto do tema das barandillas ¿cómo vai o asunto?**

R: As barandillas da ponte de Brates foínas a mirar o técnico municipal. Tamén se falou co equipo de goberno do Concello de Frades e confirmáronos que van restauralas este ano na parte que lle corresponde.

- **Recollida selectiva de lixo ¿para cando?**

R: Vaise levar a cabo, agora dispoñemos dun punto limpo móbil compartido co Concello de Curtis, Sobrado e Vilasantar.

- **Hai un tapón de leña debaixo da Ponte de Boado, leva máis de catro anos, ¿xestións que se fixeron? ¿Habería que falar con Augas de Galicia?**

R: Falouse cos técnicos da Consellería, Augas de Galicia vaino arranxar. Incluíuse no plan anual de actuacións deste organismo.

- **Os médicos compartidos con Melide ¿se fixeron xestións dende a Alcaldía para solucionar o tema?**

R: Somos coñecedores da problemática. O persoal non é competencia do concello, somos os primeiros en estar preocupados con esta cuestión. Falamos coa Xunta, máis pouco máis podemos facer. É una cuestión xa tratada en preguntas de sesións anteriores.

Acto seguido, toma a palabra D. Jose Luís Rivas Cruz e formula as seguintes preguntas a contestar na vindeira sesión plenaria:

PREGUNTAS:



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045
E-mail: correo@boimorto.es Web: www.concellodeboimorto.es

1. ¿Relación de facturas informáticas e actuacións realizadas co diñeiro da doazón dos 45.000 euros do festival da luz?
2. A ordenanza reguladora de corta municipal ¿Se aplica? As pistas están moi deterioradas.
3. ¿Sábese algo da reestruturación do FP e bacharelato na zona de Curtis? ¿Tedes algunha noticia ao respecto?
4. ¿Realizáronse os arranxos das humidades na Residencia municipal?
5. ¿En qué situación se atopa a instalación de fibra óptica no concello?
6. O muíño do Taberneiro en ¿qué situación se atopa? ¿é público? ¿é privado? ¿vaise revogar a cesión municipal ao propietario? ¿téñense pensado tramitar?
7. ROGO: Os piñeiros e os castiñeiros das masas comúns do concello se roga que se poden, faille moita falta.

Acto seguido a Alcaldía procede a contestación na orde que se relacionan as preguntas do grupo do PSOE que se achegan a presente acta como ANEXO I:

1. Non existe, convocouse como o ano pasado. A motivación de porqué se fixo así foi a crecente pandemia durante o incremento da sexta ola durante o nadal e por motivos de carga administrativa para facilitar o final de ano nas dependencias municipais. De todos os xeitos foi emendado de inmediato, cando se tivo constancia do erro.
2. 3.300 euros máis IVE. Colocase por lóxica, onde hai máis xente e por visibilidade da mesma.
3. Non teño ese dato, aínda que por motivos de protección de datos dubido moito que se poida facilitar.
4. Igual contestación que para a pregunta anterior.
5. As funcións do posto de técnico de contabilidade nun primeiro momento foron suplidas un pouco polo resto de persoal da oficina e actualmente formalizouse un convenio co Concello de Arzúa en materia de persoal para que o técnico de contabilidade deste concello de forma temporal poida desempeñar estas funcións.
6. Non consta ningunha solicitude ao respecto no Concello. De todos os xeitos en caso de que se presenten valorarase a súa necesidade.
7. Publicarase a oferta de emprego público antes do 1 de xuño de 2022 tal como dispón a lei e despois celebrarase os procesos selectivos nos prazos marcados. O tema das promocións internas efectuaranse en función do que saia da RPT que se esta elaborando.
8. Todas as tarefas recollidas na memoria xustificativa da solicitude de subvención remitida a Deputación da Coruña. É un persoal que se financia ao 100%.
9. Non se ingresa por este servizo, senón que o Concello paga polo mesmo. É xestionado por unha empresa contratada ao efecto.
10. Efectivamente, esa é a mercantil que actualmente estase facendo cargo dun can. O concello paga pola súa estancia. O que se fai con ese can é poñelo en adopción por se alguén esta interesado.
11. A licenza de obra a que fai alusión quedou encima da mesa na Xunta de Goberno Local a petición do propio interesado, posto que faltaba algunha documentación ao respecto e respecto de outra non estaba conforme con ela.
12. Fíxose aínda o mes pasado diante da carnicería. A empresa contratada polo concello para o control de pragas mete cebos nos sumidoiros de forma periódica para que non haxa problemas ao



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)



Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045
E-mail: correo@boimorto.es Web: www.concellodeboimorto.es

respecto.

Finalmente, dáse por rematado a quenda de rogos e preguntas non habendo máis preguntas que contestar.

E non habendo máis asuntos que tratar, de orde da Alcaldía - Presidencia, levántase a sesión, a data e hora indicada no encabezado da presente acta, da que se estende a presente, do que eu, Sr secretario deste concello, dou fe.

Boimorto, 14.01.2022.

<p>A alcaldesa,</p>  <p>Asdo.- María Jesús Novo Gómez</p>	<p>O Secretario,</p>  <p>CONCELLO DE BOIMORTO O Secretario, Asdo.- Jorge Boado Fernández</p>
--	--

Asdo.: Jorge Boado Fernández
Núm. 448/1721/35/A/3015

ANEXO I

O grupo municipal socialista, solicita a alcaldesa presidenta do concello de Boimorto, que no pleno ordinario do 30 de decembro de 2021 responda as preguntas que a continuación se lle formulan:

1. Copia do informe de advertencia do secretario ante a convocatoria do pleno ordinario convocado e desconvocado posteriormente para o 23 de decembro.
2. Presuposto da iluminación de nadal e cales son as pautas que se toman para a distribución do alumeadado público polas parroquias.
3. Porcentaxe de poboación vacinada no noso concello.
4. Número de persoas non vacinadas no SAF.
5. Persoa encargada de realizar as tarefas do posto de Armanda na súa ausencia.
6. Rogase poñer varios puntos de luz por solicitude de varios veciños, un en Algalia e o outro en Vilar de Suso.
7. ¿Cales son os prazo de execución para a realización do Plan de Consolidación de Emprego do noso concello? ¿Vanse a realizar promocións internas?
8. ¿Que tarefas está a executar a técnica de igualdade?
9. ¿Canto ingresa o concello da recollida de voluminosos? ¿Quen se encarga desa recollida?
10. A recollida de animais está a cargo de Ethical Services for Animals ¿pode explicarnos que é o que se fai con eses cans que se recollen?
11. En xunta de goberno local do mes de outubro, licenza de obra.
12. Rogamos que se limpen as alcantarillas da vila debido ós malos cheiros que desprenden e que con anterioridade se solicitou por parte de propietarios de negocios, así como facer de maneira máis intensiva o control de roedores nas mesmas.

